

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 16 de xullo de 2009 reguladora do sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a obtención de datos polo módulo Subvencións, para a formación dos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, e para a remisión de información á base de datos nacional de subvencións.*

A Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais para o ano 2006, recolle nos seus artigos 44 e 45 os mandatos de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas nesta materia, caracterizados por ser de acceso público a través de procedementos informáticos, mandato que tamén se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 16.

En cumprimento destas previsións, aprobouse o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións. O artigo 4 estableceu o contido do rexistro, e os artigos 6 e 7 a obriga da comunicación dos datos pertinentes e o seu procedemento de recollida.

Por último, e mediante a orde da Consellería de Economía e Facenda, do 1 de setembro de 2006, establecéronse o sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a comunicación dos datos aos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

Por outra banda, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, prevé no seu artigo 20 a obriga dos suxeitos recollidos no artigo 3 de facilitar á Intervención Xeral da Administración do Estado, para os efectos meramente estatísticos e informativos, información sobre as subvencións por eles xestionadas, co obxecto de formar unha base de datos nacional.

En desenvolvemento desta lei ditouse o Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que regula esta materia na sección 6ª do capítulo III do título preliminar, e establece no artigo 37 o contido da información que os obrigados definidos no seu artigo 36 deben subministrar á base de datos nacional de subvencións, á vez que prevé que o detalle da devandita información se determinará mediante orde do Ministerio de Economía y Hacienda en colaboración coas administracións públicas afectadas.

A Orde EHA/875/2007, do 29 de marzo, que se dita con carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª, 14ª e 18ª da Constitución, establece o contido e estrutura dos ficheiros informáticos

para o intercambio de información, así como os procedementos para o devandito intercambio.

Neste sentido, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 16, así como o artigo 2 do antedito Decreto 132/2006, establecen como unha das funcións dos rexistros a coordinación coas bases de datos establecidas pola Unión Europea, a Administración xeral do Estado ou outras entidades públicas.

É necesario, polo tanto, recoller toda esta información e destinala ao fin a que corresponda, ben sexa a formación dos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia como a elaboración da información para subministrar á base de datos nacional de subvencións.

A conveniencia de proceder ao procesamento automatizado do considerable número de datos que deberán ser subministrados, así como a necesidade dun tratamento homoxéneo, consolidación e análise aconsellan a remisión por medios informáticos, con formatos e especificacións normalizados.

A subministración de toda esta información implica unha pluralidade de suxeitos, con moi distinta organización, medios informáticos e volume de datos que deben comunicar, o que fai necesario implementar mecanismos alternativos de remisión de datos.

Con este fin habílitase unha aplicación informática que exige a conexión ao sistema de información contable Xumco no módulo Subvencións, e permite remitir e cubrir en liña os datos exixidos.

Para unha maior transparencia e para evitar duplicidades na información, modifícase o procedemento de recollida dos datos que forman os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, que se recolle na orde da Consellería de Economía do 1 de setembro de 2006, de forma que estes se nutrirán dos datos recollidos polo procedemento desta orde.

Na súa virtude,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer o contido, formato e especificacións dos medios informáticos que empregarán os órganos obrigados:

1. Para a comunicación dos datos establecidos no artigo 4 do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de crea-

ción dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións.

2. Para a comunicación dos datos que se proporcionarán como consecuencia da obriga de remitir información establecida no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

*Artigo 2º.-Ámbito subxectivo.*

1. Están obrigados a facilitar información sobre as subvencións que concedan, os convenios que impliquen subvención e os convenios con entidades colaboradoras que celebren:

a) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os seus organismos autónomos.

b) Os organismos públicos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes da Xunta de Galicia, na medida en que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas.

c) Os consorcios, mancomunidades ou outras personificacións públicas creadas por varias administracións públicas e organismos ou entes dependentes delas, na medida en que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas.

2. Estarán obrigados a facilitar información polas achegas monetarias sen contraprestación que realicen:

a) Os organismos públicos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes da Xunta de Galicia que se rexan polo dereito privado.

b) Os consorcios, mancomunidades ou outras personificacións públicas creadas por varias administracións públicas e organismos ou entes dependentes delas, que se rexan polo dereito privado.

c) As fundacións do sector público.

3. A obriga de subministración de información esténdese, así mesmo, aos órganos que diten as resolucións firmes a que fai referencia o artigo 10.2º, alíneas c) e h), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia, comunicando os datos identificativos de quen non poderá obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora, así como o período durante o cal non poderá obter tal condición.

4. Ademais, teñen a obriga de subministrar información os órganos que diten as resolucións administrativas polas cales se impoña algunha sanción en materia de subvencións.

*Artigo 3º.-Subministración de información.*

1. A información a que se refire o artigo 1º deberá remitirse á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma co contido, formato e especificacións definidos nesta orde.

2. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma será a encargada da subministración de información a través do sistema de información (TESEOnet) nos termos establecidos pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

3. Coa información recollida por este procedemento formaranse os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

*Artigo 4º.-Formato e especificacións das comunicacións.*

1. Os datos que se deben comunicar son os que figuran nos anexos desta orde.

2. A Consellería de Facenda posibilitará, a través do sistema de información contable no módulo Subvencións, que remitan e cubran en liña os datos correspondentes os órganos e entidades obrigadas e autorizadas, operen contablemente ou non a través do citado sistema. Esta comunicación poderase realizar cubrindo en liña os datos, pola obtención deles da contabilidade ou mediante arquivos de datos xerados co formato e especificacións establecidas nos anexos desta orde.

*Artigo 5º.-Procedemento de recollida da información.*

1. A información que se debe achegar obterase a partir dos documentos existentes nos expedientes de elaboración das bases reguladoras ou convocatorias, así como nos expedientes individuais de concesión, pagamento, reintegro de subvencións, e de carácter sancionador.

2. Os datos das bases reguladoras recolleranse na aplicación desenvolvida para o efecto, e será requisito previo cubrilos para poder recoller os datos da convocatoria, sempre que esta se ditase ao abeiro dunha base reguladora.

3. Os datos das convocatorias cubriranse na aplicación con anterioridade á precontabilización no sistema Xumco II dos documentos contables.

En consecuencia, a precontabilización do primeiro documento contable en materia de subvencións comportará a obriga polo órgano xestor de cubrir a pantalla da aplicación relativa á convocatoria.

4. Polo que se refire ás subvencións concedidas por órganos ou entes que operen a través do sistema contable Xumco II, a maioría dos datos das concesións transferiranse directa e automaticamente na aplicación de subvencións desde os correspondentes documentos contables. O resto dos datos deberán ser cubertos con posterioridade; será requisito que se cubran para a precontabilización das fases posteriores de gasto.

Excepcionalmente, poderase proceder á transferencia manual destes datos desde os documentos contables correspondentes cando as circunstancias así o exixan.

Por outra parte, no caso de subvencións concedidas por órganos ou entes que non operen a través do sistema contable Xumco II, os datos deberán ser importados mediante ficheiro coas especificacións que se establezan no anexo desta orde.

5. Os datos relativos aos pagamentos transferiranse directa e automaticamente dos documentos contables correspondentes na aplicación de subvención nos casos de órganos ou entes que operen a través do sistema contable Xumco II.

No caso contrario, estes datos deberán ser facilitados mediante ficheiro coas especificacións que se establezan no anexo desta orde.

6. Os datos relativos a sancións, convenios con entidades colaboradoras, reintegros de subvencións, xustificación das subvencións prepagables, prohibicións para a obtención da condición de beneficiario ou entidade colaboradora de subvencións, deberán subministrarse mediante a captura dos datos na pantalla correspondente da aplicación de subvencións.

7. A información a que se refiren os parágrafos anteriores tamén se pode facilitar mediante arquivo de datos xerado co formato e especificacións establecidas no anexo da orde.

*Artigo 6º.-Modificacións das especificacións recollidas no anexo.*

Autorízase a Intervención Xeral de Comunidade Autónoma para modificar as especificacións recollidas nos anexos desta orde de acordo coas posibilidades técnicas de cada momento.

#### *Disposición transitoria*

Primeira.-Os órganos mencionados no artigo 2º deberán facilitar a información referida desde o 1 de xaneiro de 2009.

Non obstante, é posible que parte desta información xa se encontre recollida na aplicación Rexistro

de Subvencións. Para estes efectos procédese á transferencia da información recollida na aplicación Rexistro de Subvencións na nova aplicación Subvencións.

Segunda.-Establécese un período de implantación da aplicación, desde o 1 de agosto de 2009 ao 15 de setembro de 2009, en que a aplicación se implementará en modo informativo, é dicir, non impedirá a tramitación de documentos contables, no cal se deberá proceder á captura da seguinte información:

1. Bases reguladoras de subvencións concedidas ou que se van conceder desde o 1 de xaneiro de 2009.

2. Convocatorias ditadas de subvencións concedidas ou que se van conceder desde o 1 de xaneiro de 2009.

3. Concesións de subvencións desde o 1 de xaneiro de 2009.

No caso de que parte de estes datos xa estivesen capturados a través da aplicación Rexistro de Subvencións, deberase proceder a cubrir os restantes datos na nova aplicación, pero non será necesario dar de alta novas bases reguladoras, convocatorias ou concesións.

Para o caso das concesións, e no suposto de que estas se contabilizasen mediante documentos contables sen desagregación de NIF, será requisito que se proceda a realizar esta desagregación de NIF por algún dos medios establecidos para iso.

Finalizado este período de implantación, e a partir do 16 de setembro de 2009, a aplicación implementarse en modo obrigatorio.

Facúltase a Intervención Xeral para modificar estes prazos por razóns motivadas.

#### *Disposición derogatoria*

Queda derogada a Orde do 1 de setembro de 2006, reguladora do sistema, formatos e especificacións dos medios establecidos para a comunicación dos datos aos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2009.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda

## ANEXO

**Descrición xeral das modalidades de gravación da información:**

Ficheiros de datos de subvencións que cheguen a XUMCO2 remitidos desde aplicacións externas ou ben, ao ser chamado desde a transacción SUL02 (Carga/Descarga de datos de subvencións),

Ficheiros subidos manualmente por medio do ClienteCixtec.

**Requisitos técnicos dos ficheiros de carga de datos:**

Os nomes dos ficheiros que manexa o programa teñen uns formatos específicos que dependerán do contexto de funcionamento:

- ❑ Para o caso de aplicacións externas que chaman o programa remotamente:
  - Para a carga de datos: o nome do ficheiro terá a estrutura `EEE-AAAA-OONNNN-ES.TXT`, sendo:
    - EEE Entidade contable
    - AAAA Ano
    - OONNNN Número do lote composto polo código de aplicación de orixe de ficheiros+número consecutivo
    - ES Entrada de subvencións
  - Tras a realización dunha carga de subvencións, xerarse un ficheiro de saída cuxo nome terá a estrutura `EEE-DD-AAAAMMDD-HHMMDD-RS.TXT`, onde:
    - EEE Entidade contable
    - DD Código de aplicación de destino dos ficheiros
    - AAAAMMDD Ano, mes e día da execución
    - HHMMSS Hora, minutos e segundos da execución
    - RS Resposta de subvencións
  - Para a descarga de datos: para realizar unha petición de descarga, deberanse indicar os parámetros dentro dun ficheiro cuxo nome se axustará ao formato `EEE-AAAA-OONNNN-PS.TXT`, onde:
    - EEE Entidade contable
    - AAAA Ano
    - OONNNN Número do lote composto polo código de aplicación de orixe de ficheiros+número consecutivo
    - PS Parámetros para a descarga de subvencións
  - A saída desta petición será un ficheiro cuxo nome terá a estrutura `EEE-DD-AAAAMMDD-HHMMDD-SS.TXT`, onde:
    - EEE Entidade contable
    - DD Destino dos ficheiros
    - AAAAMMDD Ano, mes e día da execución
    - HHMMSS Hora, minutos e segundos da execución
    - SS Saída de subvencións
- ❑ Para o caso de usuarios locais que chamarán o programa desde a pantalla SUL02:
  - Para a carga de datos: o nome do ficheiro será libre e previamente deberá ter sido subido ao servidor por medio do ClienteCixtec á carpeta Carga de datos de subvencións.
 

Tras a realización dunha carga de subvencións, xerarse un ficheiro de saída cuxo nome será o mesmo que lle deu o usuario ao ficheiro de carga pero concatenándolle unha cadea de texto da forma: `_RS_NNNNN.TXT`, onde NNNNN será un número de 5 díxitos asignado polo sistema (por exemplo, se o usuario cargou o ficheiro `MiFichero.txt` a resposta podería ser `MiFichero_RS_12345.txt`). Este ficheiro remitirase ao ClienteCixtec do usuario.
  - Para a descarga de datos: xerarse un ficheiro que chegará ao ClienteCixtec do usuario e cuxo nome terá a estrutura `EEE-AAAAMMDD-HHMMSS-SS.TXT`, onde:
    - EEE Entidade contable
    - AAAAMMDD Ano, mes e día da execución
    - HHMMSS Hora, minutos e segundos da execución
    - SS Saída de subvencións

Este ficheiro chegará ao usuario ao ClienteCixtec.
- ❑ Todos os ficheiros terán formato txt con caracteres ASCII de 8 bits por carácter sen ningún tipo de compresión.
- ❑ Os rexistros dos ficheiros terán unha lonxitude variable que dependerá do tipo de rexistro, e terminarán co retorno do carro e salto de liña. Para os campos de lonxitude indeterminada, se se necesita un salto de liña dentro do campo poderase indicar mediante a secuencia seguinte: `^p` (en hexadecimal 5E 70).

**Estrutura dos ficheiros de carga e descarga de datos:**

- ❑ Os ficheiros de carga (ES) e descarga (SS) teñen as mesmas estruturas de datos.
- ❑ Defínense diferentes tipos de rexistro cunha estrutura determinada segundo a información de que se trate:
  - Base reguladora
  - Convocatoria
  - Desagregación de órganos xestores da base reguladora ou convocatoria
  - Financiamento da convocatoria
  - Desagregación de intervenientes en convenios
  - Concesión de subvención a beneficiario
  - Pagamento de subvención a beneficiario
  - Resolución do procedemento para o reintegro de subvención
  - Recadación de reintegros de subvención
  - Xustificación efectuada polo beneficiario da subvención
  - Entregas monetarias sen contraprestación
  - Devolucións de entregas monetarias sen contraprestación
  - Comunicación de sancións/sentenzas/outras prohibicións

□ As estruturas de datos de cada un destes tipos de rexistro son as seguintes:

▪ Base reguladora:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 01
Táboa	3	5a	Valor fixo BRESU
Identificador do campo continuado	8	1n	Valor fixo 0
Clave do xestor de BR	9	30A	Clave libre do xestor para a BR. Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal de BR	39	3A	Clave libre do xestor para o ordinal da base reguladora. Obrigatorio
Exercicio da BR	42	4N	Obrigatorio
Número da BR	46	6N	
Ordinal da BR	52	3A	
Tipo de normativa	55	1A	1: nacional; 2: comunitaria; C: de Galicia. Obrigatorio
Denominación da BR	56	255A	Obrigatorio
Data public. no DOG	311	8N	Formato aaaammdd
Marxinal da base reguladora	319	6N	
Data límite de envío ao Teseo	325	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío ao Teseo	333	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío ao Teseo	341	3A	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	344	1A	N: non; S: si

▪ Convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 02
Táboa	3	5A	Valor fixo CVOSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Clave libre do xestor para a convocatoria. Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal de CV	39	3A	Clave libre do xestor para o ordinal da convocatoria. Obrigatorio
Clave do xestor para addenda de CV	42	2A	Clave libre do xestor para a addenda (só se se trata dun convenio de colaboración)
Exercicio de CV	44	4N	Obrigatorio
Número de CV	48	6N	
Ordinal de CV	54	3A	
Addenda do convenio de colaboración	57	2A	
Exercicio orzamentario con cargo ao que se resolven as concesións	59	4N	Obrigatorio
Tipo de normativa	63	1A	1: nacional; 2: comunitaria; C: de Galicia. Obrigatorio
Clave do xestor de BR	64	30A	
Clave do xestor para ordinal de BR	94	3A	
Exercicio da BR	97	4N	
Número da BR	101	6N	
Ordinal da BR	107	3N	
Sector da actividade económica	110	4A	Códigos incluídos no anexo do BOE publicado o 6 de abril Orde EHA/875/2007. Obrigatorio
Función política ou pública	114	3A	Códigos incluídos no anexo do BOE publicado o 6 de abril Orde EHA/875/2007. Obrigatorio
Tipo de convocatoria	117	1A	1: concorrencia competitiva; 2: concesión directa; 3: outros
Momento de xustificación	118	3A	1: previa ao pagamento; 2: posterior ao pagamento. Obrigatorio
Obxecto financeiro	121	3A	1: investimentos; 2: bonificación do tipo de xuro; 3: cobertura custos ou do déficit; 4: investimentos, cobertura custos ou do déficit; 5: axudas familiares, indemnizacións e similares. Obrigatorio
Descrición	124	255A	Obrigatorio
Marxinal	379	6N	
Orixe do prazo de xustificación	385	3A	1: data da concesión; 2: data do pagamento; 3: data do último pagamento.
Prazo máximo de xustificación	388	4N	
Data límite de xustificación	392	8N	Formato aaaammdd
Data de vixencia inicial	400	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Data de vixencia final	408	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Concesión plurianual	416	1A	N: non; S: si
Prorrogable	417	1A	N: non; S: si
Subvención nominativa	418	1A	N: non; S: si
Tipo convenio	419	1A	C: colaboración; E: entidades colaboradoras
Data de sinatura	420	8N	Formato aaaammdd
Observacións	428	150A	
Tipo de subvención	578	3A	1: non cualificable como axuda do Estado á empresa; 2: cualificable como axuda do Estado á empresa. Obrigatorio
Orixe dos fondos	581	3A	Obrigatorio
Data de publicación no DOG	584	8N	Formato aaaammdd

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de relación coa BR	592	1A	1: sen BR asociada; 2: con BR publicada previamente; 3: con BR publicada simultaneamente.
Obxectivo	593	300A	
Data límite de envío a Teseo	893	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	901	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	909	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	912	1A	N: non; S: si

▪ Rexistro de continuación de obxectivo de convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 02
Táboa	3	5A	Valor fixo CVOSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 1
Clave do xestor de CV	9	30A	Clave libre do xestor para a convocatoria. Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal de CV	39	3A	Clave libre do xestor para o ordinal da convocatoria. Obrigatorio
Clave do xestor para addenda de CV	42	2A	Clave libre do xestor para a addenda (só se se trata dun convenio de colaboración)
Exercicio de CV	44	4N	
Número de CV	48	6N	
Ordinal de CV	54	3A	
Addenda do convenio de colaboración	57	2A	Valor fixo 00 (sempre ten que facerse referencia ao convenio orixinal)
Obxectivo	59	300A	

▪ Desagregación de órganos xestores da base reguladora ou convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 03
Táboa	3	5A	Valor fixo DORSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Tipo de dato	9	1A	1: base reguladora; 2: convocatoria. Obrigatorio
Clave do xestor	10	30A	Corresponderá á BR/CV. Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal	40	3A	Corresponderá á BR/CV. Obrigatorio
Clave do xestor para subordinal	43	2A	Só para CV tipo convenio
Exercicio	45	4N	Corresponderá á BR/CV
Número da clave	49	6N	Corresponderá á BR/CV
Número ordinal	55	3A	Corresponderá á BR/CV
Número subordinal	58	2A	Só para CV tipo convenio
Entidade	60	3N	Obrigatorio
Sección	63	2A	Obrigatorio
Servizo	65	2A	Obrigatorio
Indicativo de baixa	67	1A	N: non; S: si

▪ Desagregación de intervinientes en convenios de colaboración:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 04
Táboa	3	5A	Valor fixo DINSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal en CV	39	3A	Obrigatorio
Clave do xestor para addenda en CV	42	2A	Obrigatorio para CV tipo convenio de colaboración
Exercicio de CV	44	4N	
Número de CV	48	6N	
Ordinal de CV	54	3N	
Addenda do convenio de colaboración	57	2N	
NIF	59	9A	Obrigatorio
Identificador de NIF	68	2N	Obrigatorio
Entidade	70	3N	
Importe	73	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais. Obrigatorio
Indicativo de baixa	88	1A	N: non; S: si

▪ Financiamento da convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 05
Táboa FICSU	3	5A	Valor fixo FICSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal de CV	39	3A	Obrigatorio
Clave do xestor para addenda de CV	42	2A	Obrigatorio para CV tipo convenio de colaboración
Exercicio de CV	44	4N	
Número de CV	48	6N	
Ordinal de CV	54	3A	
Addenda do convenio de colaboración	57	2A	
Tipo de financiamento	59	1A	Códigos incluídos no anexo do BOE publicado o 6 de abril Orde EHA/875/2007. Obrigatorio
Importe de financiamento	60	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais. Obrigatorio
Data límite de envío a Teseo	75	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	83	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	91	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	94	1A	N: non; S: si

▪ Concesión de subvención a beneficiario:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 06
Táboa	3	5A	Valor fixo CONSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal en CV	39	3A	Obrigatorio
Exercicio de CV	42	4N	
Número de CV	46	6N	
Ordinal de CV	52	3A	
Entidade contable	55	3N	Obrigatorio
Sección	58	2A	Obrigatorio
Servizo	60	2A	Obrigatorio
Referencia	62	16A	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Índice do documento D	78	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Anualidade	82	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
NIF	86	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	95	2N	Obrigatorio
Ordinal de NIF	97	2N	Obrigatorio
Ordinal da concesión para Teseo	99	3N	Ignórase nas cargas
Data de concesión	102	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Importe de resolución da concesión para a anualidade	110	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais. Obrigatorio
Clave territorial	125	1A	1: A Coruña; 2: Lugo; 3: Ourense; 4: pontevedra; 5: Vigo. Obrigatorio
Publicable no rexistro público	126	1A	N: non; S: si
Prorrogable	127	1A	N: non; S: si
<i>Minimis</i>	128	1A	N: non; S: si
Data límite de envío a Teseo	129	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	137	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	145	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	148	1A	N: non; S: si

▪ Pagamento de subvención a beneficiario:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 07
Táboa	3	5A	Valor fixo PAGSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal en CV	39	3A	Obrigatorio
Exercicio de CV	42	4N	
Número de CV	46	6N	
Ordinal de CV	52	3A	
Entidade contable	55	3N	Obrigatorio
Sección	58	2A	Obrigatorio
Servizo	60	2A	Obrigatorio
Referencia	62	16A	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Índice do documento "D"	78	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Anualidade	82	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Oficina contable do documento de pagamento	86	2N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2 (fase K)

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Número operación do documento de pagamento	88	14N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2 (fase K)
NIF	102	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	111	2N	Obrigatorio
Ordinal NIF	113	2N	Obrigatorio
Subordinal NIF	115	2N	Obrigatorio
Ordinal do pagamento	117	3N	
Data de pagamento	120	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio para usuario sen contabilidade en XUMCO2
Importe de pagamento	128	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais. Obrigatorio para usuario sen contabilidade en XUMCO2
Municipio	143	3N	Obrigatorio
Código postal	146	5N	Obrigatorio
Provincia	151	2N	Obrigatorio
Data límite de envío a Teseo	153	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	161	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	169	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	172	1A	N: non; S: si

▪ Resolución do procedemento para o reintegro de subvención:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 08
Táboa	3	5A	Valor fixo RPRSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal en CV	39	3A	Obrigatorio
Exercicio de CV	42	4N	
Número de CV	46	6N	
Ordinal de CV	52	3A	
Entidade contable	55	3N	Obrigatorio
Sección	58	2A	Obrigatorio
Servizo	60	2A	Obrigatorio
Referencia	62	16A	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Índice do documento D	78	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Anualidade	82	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
NIF	86	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	95	2N	Obrigatorio
Ordinal NIF	97	2N	Obrigatorio
Data de resolución	99	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Data de inicio de procedemento	107	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Forma de procedemento	115	3A	1: iniciativa propia; 2: Orde superior; 3: petición doutros órganos; 4: denuncia; 5: informe da Intervención Xeral. Obrigatorio
Tipo de resolución	118	3A	1: improcedente por caducidade; 2: improcedente por outras causas; 3: procedente.
Causa	121	3A	Códigos incluídos no anexo do BOE publicado o 6 de abril Orde EHA/875/2007.
Importe devolto	124	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais
Data límite de envío a Teseo	139	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	147	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	155	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	158	1A	N: non; S: si

▪ Recadación de reintegros de subvención:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 09
Táboa	3	5A	Valor fixo RERSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal en CV	39	3A	Obrigatorio
Exercicio de CV	42	4N	
Número de CV	46	6N	
Ordinal de CV	52	3A	
Entidade contable	55	3N	Obrigatorio
Sección	58	2A	Obrigatorio
Servizo	60	2A	Obrigatorio
Referencia	62	16A	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Índice do documento D	78	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Anualidade	82	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
NIF	86	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	95	2N	Obrigatorio
Ordinal NIF	97	2N	Obrigatorio
Data de resolución	99	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Data de ingreso	107	8N	Formato aaaammdd
Resultado	115	3A	1: recadación total; 2: recadación parcial; 3: imposibilidade de recadación. Obrigatorio
Momento	118	3A	1: en período voluntario; 2: en vía executiva. Obrigatorio
Importe para reintegrar	121	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais
Importe xuros	136	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais
Data límite de envío a Teseo	151	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	159	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	167	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	170	1A	N: non; S: si

▪ Xustificación efectuada polo beneficiario da subvención:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 10
Táboa	3	5A	Valor fixo JUSSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Clave do xestor de CV	9	30A	Obrigatorio
Clave do xestor para ordinal en CV	39	3A	Obrigatorio
Exercicio de CV	42	4N	
Número de CV	46	6N	
Ordinal de CV	52	3A	
Entidade contable	55	3N	Obrigatorio
Sección	58	2A	Obrigatorio
Servizo	60	2A	Obrigatorio
Referencia	62	16A	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Índice do documento D	78	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
Anualidade	82	4N	Obrigatorio para usuario con contabilidade en XUMCO2
NIF	85	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	95	2N	Obrigatorio
Ordinal NIF	97	2N	Obrigatorio
Data de xustificación	99	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Importe xustificado	107	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais
Data de devolución	122	8N	Formato aaaammdd
Importe devolto	130	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais
Data límite de envío a Teseo	145	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	153	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	161	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	164	1A	N: non; S: si

▪ Entregas monetarias sen contraprestación:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 11
Táboa	3	5A	Valor fixo EDISU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Entidade	9	3N	Obrigatorio
Sección	12	2A	Obrigatorio
Servizo	14	2A	Obrigatorio
NIF	16	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	25	2N	Obrigatorio
Ordinal da entrega	27	2N	Obrigatorio
Ordinal da entrega para o Teseo	29	3N	Ignórase nas cargas
Municipio	32	3N	Obrigatorio
Código postal	35	5N	Obrigatorio
Provincia	40	2N	Obrigatorio
Data de pagamento	42	8N	Formato aaaammdd
Importe pagado	50	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais
Motivo da entrega	65	64A	Obrigatorio

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Data límite de envío a Teseo	129	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	137	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	145	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	148	1A	N: non; S: si

▪ Devolucións de entregas monetarias sen contraprestación:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 12
Táboa	3	5A	Valor fixo DEDSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Entidade	9	3N	Obrigatorio
Sección	12	2A	Obrigatorio
Servizo	14	2A	Obrigatorio
NIF	16	9A	Obrigatorio
Identificador NIF	25	2N	Obrigatorio
Ordinal NIF	27	2N	Obrigatorio
Data de devolución	29	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Importe devolución	37	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais. Obrigatorio
Data límite de envío a Teseo	52	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	60	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	68	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	71	1A	N: non; S: si

▪ Comunicación de sancións/sentenzas/outras prohibicións:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 13
Táboa	3	5A	Valor fixo SANSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 0
Número de sanción	9	6N	
NIF	15	9A	Obrigatorio
Identificador de NIF	24	2N	Obrigatorio
Código do órgano sancionador	26	12A	Obrigatorio
Descrición do obxectivo	38	300A	Obrigatorio
Descrición da sanción accesoria	338	255A	
Data de firmeza	593	8N	Formato aaaammdd
Data de inicio da perda do dereito a ser benef.	601	8N	Data desde a cal se perde a posibilidade de obter a condición de ser beneficiario. Formato aaaammdd
Data de fin da perda do dereito a ser benef.	609	8N	Data desde a cal se pode volver a obter a condición de ser beneficiario. Formato aaaammdd
Data da sanción	617	8N	Formato aaaammdd Obrigatorio
Tipo de sanción	625	1A	L: leve; G: grave; M: moi grave. Obrigatorio
Importe da sanción	626	15N	12 enteiros, punto e 2 decimais. Obrigatorio
Indicador do cumprimento da sanción	641	1A	N: non; S: si
Indicador de perda do dereito a ser beneficiario	642	1A	N: non; S: si
Indicador de perda do dereito a contratar coa Administración	643	1A	N: non; S: si
Data límite de envío a Teseo	644	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Data de envío a Teseo	652	8N	Formato aaaammdd Ignórase nas cargas
Número de envío a Teseo	660	3N	Ignórase nas cargas
Indicativo de baixa	663	1A	N: non; S: si

▪ Rexistro de continuación do obxectivo en sancións:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro 13	1	2A	Valor fixo 13
Táboa SANSU	3	5A	Valor fixo SANSU
Identificador do campo continuado	8	1N	Valor fixo 1
Número DE SANCIÓN	9	6A	
NIF	15	9A	Obrigatorio
Identificador de NIF	24	2N	Obrigatorio
Descrición do obxectivo	26	300A	Obrigatorio

**Estrutura do ficheiro de resposta á carga**

☐ Tras realizar unha carga de subvencións, sempre se xerará un ficheiro de resposta (RS) coa seguinte estrutura:

- Base reguladora:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 01
Táboa	3	5A	Valor fixo BRESU
Clave do xestor de BR	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en BR	38	3A	
Exercicio da BR	41	4N	
Número da BR	45	6N	
Ordinal da BR	51	3A	
Recheo	54	62A	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrarase código e descrición do erro; en caso contrario, se indicara se se trata dunha alta, baixa ou modificación

- Convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 02
Táboa	3	5A	Valor fixo CVOSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Clave do xestor para addenda de CV	41	2A	
Clave do xestor de BR	43	30A	
Clave do xestor para ordinal de BR	73	3A	
Exercicio de CV	76	4N	
Número de CV	80	6N	
Ordinal de CV	86	3A	
Addenda do convenio de colaboración	89	2A	
Recheo	91	25A	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrarase código e descrición do erro; en caso contrario, indicárase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

- Desagregación de órganos xestores da base reguladora ou convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 03
Táboa	3	5A	Valor fixo DORSU
Tipo de dato	8	1A	1: base reguladora; 2: convocatoria
Clave do xestor	9	30A	
Clave do xestor para ordinal	39	3A	
Clave do xestor para subordinal	42	2A	
Exercicio	44	4N	
Número da clave	48	6N	
Número ordinal	54	3A	
Número subordinal	57	2A	
Entidade	59	3N	
Sección	62	2A	
Servizo	64	2A	
Recheo	66	50A	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrarase código e descrición do erro; en caso contrario, indicárase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

-

- Desagregación de intervinientes en convenios de colaboración:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 04
Táboa	3	5A	Valor fixo DINSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal de CV	38	3A	
Clave do xestor para addenda de CV	41	2A	
Exercicio de CV	43	4N	
Número de CV	47	6N	
Ordinal de CV	53	3A	
Addenda do convenio	56	2A	
NIF	58	9A	
Identificador de NIF	67	2N	

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Recheo	69	47A	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indícarase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Financiamento da convocatoria:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 05
Táboa	3	5A	Valor fixo FICSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Clave do xestor para addenda en CV	41	2A	
Exercicio de CV	43	4N	
Número de CV	47	6N	
Ordinal de CV	53	3A	
Addenda do convenio de colaboración	56	2A	
Tipo de financiamento	58	1A	
Recheo	59	57A	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indícarase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Concesión de subvención ao beneficiario:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 06
Táboa	3	5A	Valor fixo CONSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Exercicio de CV	41	4N	
Número de CV	45	6N	
Ordinal de CV	51	3A	
Entidade contable	54	3N	
Sección	57	2A	
Servizo	59	2A	
Referencia	61	16A	
Índice do documento D	77	4N	
Anualidade	81	4N	
NIF	85	9A	
Identificador NIF	94	2N	
Ordinal de NIF	97	2N	
Recheo	98	18A	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indícarase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Pagamento de subvención ao beneficiario:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 07
Táboa	3	5A	Valor fixo PAGSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Exercicio de CV	41	4N	
Número de CV	45	6N	
Ordinal de CV	51	3A	
Entidade contable	54	3N	
Sección	57	2A	
Servizo	59	2A	
Referencia	61	16A	
Índice do documento D	77	4N	
Anualidade da ref. D	81	4N	
Oficina contable da ref. K	85	2N	
Operación da K	87	14N	
NIF	101	9A	
Identificador NIF	110	2N	
Ordinal NIF	112	2N	

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Subordinal NIF	114	2N	
Descrición da acción realizada	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indícarase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Resolución do procedemento para o reintegro de subvención:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 08
Táboa	3	5A	Valor fixo RPRSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Exercicio de CV	41	4N	
Número de CV	45	6N	
Ordinal de CV	51	3A	
Entidade contable	54	3N	
Sección	57	2A	
Servizo	59	2A	
Referencia	61	16A	
Índice	77	4N	
Anualidade	81	4N	
NIF	85	9A	
Identificador NIF	94	2N	
Ordinal NIF	96	2N	
Data de resolución	98	8N	Formato aaaammdd
Recheo	106	10A	
Descrición da acción que se vai realizar	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indícarase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Recadación de reintegros de subvención:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 09
Táboa	3	5A	Valor fixo RERSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Exercicio de CV	41	4N	
Número de CV	45	6N	
Ordinal de CV	51	3A	
Entidade contable	54	3N	
Sección	57	2A	
Servizo	59	2A	
Referencia	61	16A	
Índice	77	4N	
Anualidade	81	4N	
NIF	85	9A	
Identificador NIF	94	2N	
Ordinal NIF	96	2N	
Data de resolución	98	8N	Formato aaaammdd
Data de ingreso	106	8N	Formato aaaammdd
Recheo	114	2A	
Descrición da acción que se vai realizar	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indícarase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Xustificación efectuada polo beneficiario da subvención:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 10
Táboa	3	5A	Valor fixo JUSSU
Clave do xestor de CV	8	30A	
Clave do xestor para ordinal en CV	38	3A	
Exercicio de CV	41	4N	
Número de CV	45	6N	
Ordinal de CV	51	3A	
Entidade contable	54	3N	
Sección	57	2A	

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Servizo	59	2A	
Referencia	61	16A	
Índice	77	4N	
Anualidade	81	4N	
NIF	85	9A	
Identificador NIF	94	2N	
Ordinal NIF	96	2N	
Data de xustificación	98	8N	Formato aaaammdd
Recheo	106	10A	
Descrición da acción que se vai realizar	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indicárase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Entregas monetarias sen contraprestación:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 11
Táboa	3	5A	Valor fixo EDISU
Entidade	8	3N	
Sección	11	2A	
Servizo	13	2A	
NIF	15	9A	
Identificador NIF	24	2N	
Ordinal da entrega	26	2N	
Recheo	28	88A	
Descrición da acción que se vai realizar	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indicárase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Devolucións de entregas monetarias sen contraprestación:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 12
Táboa	3	5A	Valor fixo DEDSU
Entidade	8	3N	
Sección	11	2A	
Servizo	13	2A	
NIF	15	9A	
Identificador NIF	24	2N	
Ordinal da entrega	26	2N	
Data de devolución	28	8N	
Recheo	36	80A	
Descrición da acción que se vai realizar	116	100A	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indicárase se se trata dunha alta, baixa ou modificación

▪ Comunicación de sancións/sentenzas/outras prohibicións:

Nome do campo	Pos.	Lonx.-tipo	Comentarios
Tipo de rexistro	1	2A	Valor fixo 13
Táboa	3	5A	Valor fixo SANSU
Número de sanción	8	6N	
NIF	14	9A	
Identificador NIF	23	2N	
Recheo	25	91A	
Descrición da acción que se vai realizar	116	100N	Se hai erro mostrárase código e descrición do erro; en caso contrario, indicárase se se trata dunha alta, baixa ou modificación